

Encarnación Carrillo Villen (72570129T), como beneficiaria de Manuel Indiano Arzaustre.

Carmen Romero Ruiz (28902847N), como beneficiaria de Antonio Muñoz Cariñanos.

Montserrat Morales Almarcha (1999682P), como beneficiaria de Rafael Leyva Loro.

Pilar del Valle Álvarez Navarro (02526890H), como beneficiaria de Jesús Rebollo García.

Ana María Fernández Cubero (14948139W), como beneficiaria de José Santana Ramos.

2. No caso de causantes encadrados nalgún réxime de seguridade social público, a contía da pensión excepcional recoñecida no presente real decreto lei determinárase e percibirase viuvez segundo a normativa aplicable ás pensións de viuvez por actos de terrorismo no réxime de que se trate.

No caso de que non se dea a circunstancia recollida no parágrafo anterior, a contía destas pensións será equivalente ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples en cómputo anual vixente en cada momento.

3. As pensións mencionadas no punto anterior percibiranse en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias que se devengarán o primeiro día dos meses de xuño e decembro.

4. Estas pensións terán efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte á entrada en vigor do presente real decreto lei e estarán suxeitas ao mesmo réxime xurídico que as pensións extraordinarias de viuvez derivadas de actos de terrorismo.

5. A percepción destas pensións será incompatible coa das pensións ordinarias ou extraordinarias que poida recoñecer calquera réxime público de protección social básica, sempre que deriven dos mesmos feitos e suxeito causante.

6. As pensións reguladas neste real decreto lei non serán transmisibles e extinguiranse nos supostos de perda de aptitude legal do beneficiario previstos na lexislación correspondente.

#### Artigo 2. *Procedemento.*

O órgano competente en cada caso procederá, por instancia do Ministerio do Interior, ao recoñecemento das pensións establecidas no artigo anterior.

#### Disposición transitoria única. *Concurrencia de beneficiarios.*

As contías das pensións excepcionais calculadas en función do indicador público de renda de efectos múltiples e recoñecidas neste real decreto lei minoráranse nos importes que veñan percibindo outros beneficiarios do mesmo causante e polos mesmos feitos, mentres estes últimos manteñan o dereito á percepción delas.

En todo caso, aos beneficiarios incluídos neste real decreto lei garánteselles a percepción dunha pensión equivalente ao indicador público de renda de efectos múltiples vixente en cada momento.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Créditos.*

De conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, adoptaranse os acordos necesarios para habilitar os créditos que sexan precisos para atender as contías das obrigas que se derivan da aplicación deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

### 11285 *REAL DECRETO LEI 7/2006, do 23 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes no sector enerxético.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, estableceu un mecanismo xeral de retribución á xeración eléctrica baseado nos prezos de mercado e, na súa disposición transitoria sexta, un mecanismo complementario e transitorio, os custos de transición á competencia (CTC), co obxectivo de facilitar a transición desde un contorno regulador planificado a un competitivo en que a recuperación dos investimentos dependería só da súa rendibilidade.

Porén, o mecanismo dos CTC deveu ineficiente, en primeiro lugar, porque xeran distorsións nos prezos de mercado ao seren integrados como determinantes nas estratexias de oferta; en segundo lugar, porque quedaron obsoletas as hipóteses sobre as cales se basearon os cálculos dos CTC ao promulgarse a lei; por último, os informes dispoñibles revelan un alto grao de amortización das instalacións afectadas. En suma, trátase dun mecanismo innecesario e distorsionador que require unha urxente supresión, o que se leva a cabo mediante a derogación da mencionada disposición transitoria sexta.

Non obstante, é preciso preservar os réximes contidos nela de incentivo ao consumo de carbón autóctono e de apoio ás instalacións singulares que desenvolven plans específicos de especial relevancia tecnolóxica. Esta necesidade reflíctese no contido do art. 1 quince do presente real decreto lei.

Por outra parte, a Lei 54/1997 establece as bases da regulación relativas ao réxime especial e, en concreto, fixa a necesidade de autoconsumo eléctrico das plantas que utilizan a coxeración; prima soamente os excedentes eléctricos das instalacións de menos de 10 MW, e establece unha banda de retribución, entre o 80% e o 90%, da tarifa media para as instalacións do réxime especial.

O desenvolvemento da política de fomento da eficiencia enerxética, en sintonía cos principios e criterios da Directiva 2004/8/CE, relativa ao fomento da coxeración sobre a base da demanda de calor útil no mercado interior da enerxía, e a plena eficacia das actuacións de apoio á xeración eléctrica con fontes de enerxía renovables fan necesario que se retribúa adecuadamente toda a electricidade coxerada con independencia do tamaño das instalacións e que se dote de maior flexibilidade a política de establecemento de primas e incentivos á produción de enerxía eléctrica do réxime especial.

O establecemento urxente dun réxime xurídico claro e incentivador nesta materia favorecerá os necesarios desenvolvementos normativos pendentes que permitirán abordar os ambiciosos obxectivos da política enerxética ambiental do Goberno.

Por outra parte, a regulación vixente desde 2003 da metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media ou de referencia, establece un límite

máximo anual ao incremento da devandita tarifa e determinados custos a incluír no seu cálculo.

A experiencia da súa aplicación, especialmente desde 2005, ano en que se incorpora ao ordenamento xurídico español o réxime comunitario para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, fai necesaria unha habilitación ao Goberno que permita modificar os custos que se vaian considerar, así como flexibilizar os límites de variación tarifaria e dos diferentes grupos tarifarios, e isto coa urxencia determinada pola revisión tarifaria prevista para o 1 de xullo de 2006, como data límite.

A contratación a prazo de enerxía eléctrica mediante mecanismos de mercado, nos termos establecidos na disposición adicional décimo sexta da Lei 54/1997, non pode desenvolverse plenamente pola restrición existente relativa ao período de vida das emisións primarias de enerxía. O impulso ao proceso de liberalización da subministración eléctrica para determinados grupos de consumidores e a necesidade de manter prezos competitivos da enerxía eléctrica para empresas que realizan as súas actividades en ámbitos competitivos requiren actuar coa máxima celeridade ampliando, para períodos superiores ao ano natural, o prazo de vixencia das emisións primarias de enerxía. A inacción nesta materia contribuirá ao mantemento dos efectos negativos dun sistema de contratación de enerxía eléctrica apoiado en exceso sobre o mercado diario.

O réxime xurídico vixente sobre hidrocarburos gasosos establece unicamente o criterio cronolóxico para asignar a capacidade dos almacenamentos subterráneos de gas natural. Como consecuencia das novas normas de xestión técnica e de que o sistema gasista español presenta unha oferta que excede a capacidade dispoñible dos almacenamentos subterráneos, o sistema de asignación vixente deveu ineficiente e xurdiu a necesidade de establecer outros criterios de asignación que permitan optimizar a xestión da capacidade dispoñible e garantir a seguranza da subministración.

En particular, e en relación cos programas de inxeción e extracción de gas natural para os meses inmediatos, é urxente establecer un sistema de repartición da capacidade que teña en conta as cotas de vendas totais dos axentes no ano anterior e a necesaria reserva de capacidade para o mercado doméstico-comercial. Desta forma, asignarase de forma ordenada a capacidade dispoñible, evitarase o acaparamento e asegurase a subministración no próximo período invernal.

A adopción do conxunto de medidas descritas anteriormente, que requiren disposicións con rango de lei, reúnen as características de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución. Extraordinaria, por canto afectan a aspectos básicos da regulación dun sector fundamental da nosa economía, como é o enerxético; e urxente, dado que a modificación da regulación debe ter eficacia inmediata, xa que en caso contrario, é dicir, se se producise mediante a tramitación dun proxecto de lei, xerariase un período de incerteza prexudicial para a necesaria toma de decisións inmediatas polos axentes do sector.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006

## DISPÓN O:

**Artigo 1.** *Modificacións da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea a) do punto 1 do artigo 9, que queda redactada como segue:

«a) Os produtores de enerxía eléctrica, que son aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñen a función de xerar enerxía eléctrica, xa sexa para o seu consumo propio ou para terceiros, así como as de construír, operar e manter as centrais de produción.»

Dous. Suprímese a alínea b) do punto 1 do artigo 9.

Tres. Modifícase a alínea c) do punto 3 do artigo 10, que queda redactada como segue:

«c) Supresión ou modificación temporal dos dereitos que para os produtores en réxime especial se establecen no capítulo II do título IV.»

Catro. Modifícanse o primeiro parágrafo do punto 2 e o primeiro parágrafo do punto 3 do artigo 13, que quedan redactados como segue:

«2. As adquisicións de enerxía noutros países comunitarios poderán ser realizadas polos produtores, axentes externos, distribuidores, comercializadores e consumidores, logo de autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que só a poderá denegar cando no país de xeración da enerxía adquirida os suxeitos equivalentes non teñan recoñecida a mesma capacidade de contratación.»

3. As vendas de enerxía a outros países comunitarios poderán ser realizadas polos produtores, axentes externos, distribuidores, comercializadores e consumidores nacionais, logo de comunicación ao operador do sistema e autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que poderá denegar, exclusivamente, cando implique un risco certo para a subministración nacional.»

Cinco. Modifícase o punto 7 do artigo 16, que queda redactado como segue:

«7. A retribución da produción en barras de central de enerxía dos produtores en réxime especial será a que corresponde á produción de enerxía eléctrica, de acordo co punto 1 deste artigo e, se é o caso, unha prima que será determinada polo Goberno, logo de consulta coas comunidades autónomas, de acordo co establecido no artigo 30.4.»

Seis. Modifícase o último parágrafo do punto 2 do artigo 20 que queda redactado como segue:

«Os produtores en réxime especial levarán na súa contabilidade interna contas separadas das actividades eléctricas e daquelas que non o sexan.»

Sete. Modifícase o punto 2 do artigo 25, que queda redactado como segue:

«2. De acordo co establecido no capítulo II do presente título, os produtores de enerxía eléctrica en réxime especial poderán incorporar ao sistema a súa produción de enerxía en barras de central sen someterse ao sistema de ofertas.»

Oito. Suprímese o punto 3 do artigo 25.

Nove. Modifícase a alínea a) do punto 1 do artigo 27, que queda redactada como segue:

«a) Instalacións que utilicen a coxeración ou outras formas de produción de electricidade asociadas a actividades non eléctricas sempre que supoñan un alto rendemento enerxético.»

Dez. Modifícase o artigo 29, que queda redactado da seguinte forma:

«A enerxía definida no artigo 30.2.a) someterase aos principios de ordenación do título II e a aqueles

dos títulos III e IV da presente lei que lles sexan de aplicación.»

Once. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 30 que queda redactado como segue:

«a) Incorporar a súa produción de enerxía en barras de central ao sistema, percibindo a retribución que se determine conforme o disposto na presente lei.

Para estes efectos, terá a consideración de produción de enerxía en barras de central a produción total de enerxía eléctrica da instalación menos os consumos propios da devandita instalación de xeración eléctrica.

Cando as condicións da subministración eléctrica o fagan necesario, o Goberno, logo de informe das comunidades autónomas, poderá limitar, para un período determinado, a cantidade de enerxía que pode ser incorporada ao sistema polos produtores do réxime especial.»

Doce. As alíneas b), c) e d) do punto 2 do artigo 30 pasan a ser as alíneas c), d) e e), respectivamente e inclúese unha nova alínea b) no punto 2 do artigo 30 coa seguinte redacción:

«b) Prioridade no acceso ás redes de transporte e de distribución da enerxía xerada, respectando o mantemento da fiabilidade e seguranza das redes.»

Trece. Modifícanse as alíneas a), b) e c) do punto 4 do artigo 30, que quedan redactadas como segue:

«a) As instalacións a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 27, durante un período máximo de dez anos desde a súa posta en marcha.

b) As centrais hidroeléctricas de potencia instalada igual ou inferior a 10 MW, e o resto das instalacións a que se refire a alínea b) do punto 1 do artigo 27.

Para os efectos da presente lei, non se entenderá como biomasa os residuos sólidos urbanos nin os perigosos.

c) As centrais hidroeléctricas entre 10 e 50 MW, as instalacións a que se refire a alínea c) do punto 1 do artigo 27, así como as instalacións mencionadas no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 27.

Para a determinación das primas terase en conta o nivel de tensión de entrega da enerxía á rede, a contribución efectiva á mellora do medio, ao aforro de enerxía primaria e á eficiencia enerxética, a produción de calor útil economicamente xustificable e os custos de investimento en que se incorrese, para o efecto de conseguir unas taxas de rendibilidade razoables con referencia ao custo do diñeiro no mercado de capitais.»

Catorce. O primeiro parágrafo da disposición adicional décimo sexta redáctase da seguinte forma:

«O Goberno poderá establecer por vía regulamentaria mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo de enerxía eléctrica. Estes mecanismos tomarán a forma dunha emisión primaria de certa cantidade de enerxía eléctrica, equivalente a unha potencia determinada, nas condicións e durante o período de tempo que se especifiquen na emisión.»

Quince. Engádense as disposicións adicionais vixésima e vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésima. *Plans de viabilidade e incentivos ao consumo de carbón autóctono.*

1. O Goberno, logo de informe da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, con carácter

excepcional, poderá aprobar plans de financiamento extraordinarios para aquelas sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica que demostren especiais dificultades financeiras ata o punto de poder poñer en perigo o desenvolvemento normal das actividades da empresa.

Estes plans incluíranse nos custos de produción para o cálculo da tarifa eléctrica media.

2. Así mesmo, o Goberno, de acordo co establecido nos artigos 3 e 11 da Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, por motivos de seguranza de subministración, poderá aprobar un sistema de primas ata un límite máximo do 10 euros por MWh producido, que permita a entrada preferente en funcionamento das instalacións xeradoras que utilicen fontes de enerxía primaria autóctonas.

Estas primas consideraranse custos permanentes de funcionamento do sistema para efectos do previsto no artigo 16.5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e incluíranse como tales para o cálculo da tarifa eléctrica media.

**Disposición adicional vixésimo Primeira. *Metodoloxía para a aprobación ou modificación da tarifa eléctrica media a partir do 1 de xullo de 2006.***

1. O Goberno, para o cálculo da tarifa media que aprobe, poderá fixar os límites máximos anuais ao incremento da devandita tarifa así como os custos que se vaian considerar.

2. Habilítase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para establecer os suxeitos que deberán achegar financiamento e as contías correspondentes naqueles períodos de liquidación en que exista déficit para retribuír as actividades reguladas.

Naqueles períodos de liquidación en que se producise superávit, poderase aplicar a reducir o déficit de períodos anteriores ou ben será considerado un ingreso liquidable aplicable á retribución de actividades reguladas en períodos tarifarios posteriores.»

Dezaseis. Suprímese a disposición transitoria sexta.

Dezasete. Suprímese a disposición transitoria oitava.

**Artigo 2. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, de hidrocarburos.***

Un. Introdúcese unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo quinta. *Almacenamento operativo incluído nas peaxes de regasificación e de transporte e distribución.*

1. As peaxes de regasificación e de transporte e distribución incluírán o dereito ao uso das instalacións necesarias para transportar o gas desde o punto de entrada na rede de transporte ata o punto de subministración ao consumidor e o dereito a un almacenamento operativo mínimo necesario para poder operar no sistema.

Este almacenamento mínimo fíxase en medio día da capacidade de transporte e distribución contratada, para a rede de gasodutos de transporte, e en cinco días de gas natural licuado da capacidade contratada diaria para os tanques das plantas de regasificación con carácter xeral, excepto para o caso de usuarios das instalacións cunha capacidade de transporte e distribución contratada inferior ao

0,5% da capacidade contratada total, para os cales o dereito ao uso do almacenamento operativo na rede de gasodutos corresponderá a un día da capacidade de transporte e distribución contratada.

2. O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá modificar o número de días de almacenamento operativo incluído na peaxe de regasificación e na peaxe de transporte e distribución.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Asignación da capacidade dos almacenamentos subterráneos.*

1. Para a asignación da capacidade dos almacenamentos subterráneos poderase reservar unha porcentaxe da capacidade útil deles para a súa repartición, con carácter anual, entre os suxeitos do sistema gasista.

En caso de existir capacidade remanente de almacenamento subterráneo resultante da repartición anual, as solicitudes de acceso aos almacenamentos subterráneos resolveranse atendendo a orde cronolóxica de recepción da petición formal, sen que ningún comercializador poida reservar máis do 25 % desta capacidade remanente. Se, unha vez realizada esta asignación, quedase capacidade de almacenamento remanente para o período anual considerado, atenderanse as solicitudes pendentes e as novas que se reciban por orde cronolóxica sen considerar o límite do 25 % por comercializador.

2. Os contratos de acceso que se asinen como consecuencia da repartición asociada a esta reserva terán unha duración anual, de abril dun ano a marzo do ano seguinte, sen dereito a prórroga.

3. As solicitudes de reserva de capacidade serán presentadas polos suxeitos interesados durante os meses de decembro e xaneiro. O xestor técnico do sistema realizará a asignación de capacidades consonte o procedemento descrito anteriormente antes do día 28 de febreiro de cada ano.

3. O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá modificar os criterios para a asignación da capacidade dos almacenamentos subterráneos.»

Tres. Introdúcese unha nova disposición transitoria coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo oitava. *Repartición da capacidade dos almacenamentos subterráneos.*

A porcentaxe da capacidade útil reservada para a repartición entre os suxeitos do sistema gasista fíxase para 2006 no 100% e realizarase baixo os seguintes criterios:

O 83% da capacidade de almacenamento de gas utilizable dos almacenamentos subterráneos asignarase entre os usuarios que o soliciten de forma proporcional ás súas vendas ou consumos totais no mercado durante o ano natural anterior a cada repartición.

Os comercializadores cuxas cotas de mercado no cómputo de vendas totais de gas natural no ano natural anterior sexa inferior ao 0,5 por 100 poderán solicitar que sexa considerada ata un máximo da devandita porcentaxe a súa cota de vendas totais para os efectos de cómputo para a repartición descrita no parágrafo anterior.

O 17% da capacidade de almacenamento de gas utilizable asignarase entre os usuarios de forma pro-

porcional ás vendas a consumidores conectados a gasodutos de presión inferior ou igual a 4 bares.

Para o período 2006-2007, a duración dos contratos que se asinen como consecuencia da repartición asociada a esta reserva finalizará en marzo de 2007, con independencia da data da súa sinatura.

O secretario xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá modificar as porcentaxes a que se refire a presente disposición así como o procedemento de repartición.

O xestor técnico do sistema realizará a asignación de capacidades para o período 2006-2007 nun prazo de quince días desde a entrada en vigor da presente disposición. Os contratos de almacenamento subterráneo de gas existentes deberán axustarse aos prazos e cantidades asignadas na repartición.»

**Disposición transitoria primeira.** *Plans de financiamento extraordinarios e incentivos ao consumo de carbón autóctono aprobados.*

Os plans de financiamento extraordinarios aprobados a sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica con anterioridade á data de entrada en vigor do presente real decreto lei continuarán en vigor ata a súa extinción ou modificación de acordo co previsto na disposición adicional vixésima da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

Así mesmo, aplicaranse os sistemas de incentivos ao consumo de carbón autóctono existentes antes da entrada en vigor do presente real decreto lei ata que se desenvolva o sistema de primas a que se refire a disposición adicional vixésima da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

**Disposición transitoria segunda.** *Aplicación de disposicións anteriores e da revisión da tarifa media.*

Ata que se desenvolva regulamentariamente o previsto nos puntos un a doce do artigo 1 de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei:

1. Aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica cunha potencia instalada igual ou inferior a 50 MW, que á entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, estivesen acollidas ao réxime previsto no Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, así como aquelas a que se refire a disposición adicional segunda do citado real decreto, manterán o devandito réxime.

2. A revisión da tarifa media que efectúe o Goberno non será de aplicación aos prezos, primas, incentivos e tarifas que forman parte da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

O presente real decreto lei dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre bases e coor-

dinación da planificación xeral da actividade económica e bases de réxime enerxético.

**Disposición derradeira segunda.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei. En calquera caso, deberá desenvolver no prazo de seis meses desde a publicación deste real decreto lei o réxime retributivo das instalacións de réxime especial para a aplicación do disposto nos puntos un a doce do artigo 1.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto nos puntos un a doce e dezasete do artigo 1, que entrarán en vigor cando se produza a revisión do réxime retributivo das instalacións de réxime especial de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**11286** *REAL DECRETO 74/2006, do 23 de xuño, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo. («BOE» 150, do 24-6-2006.)*

A Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de estados membros diferentes, e se regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, introduciu modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que demandan pola súa vez a adaptación dos correspondentes preceptos do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

Así, entre as adaptacións do regulamento derivadas das modificacións introducidas na Lei 38/1992 destacan a introdución dun título III relativo ao novo imposto especial sobre o carbón, a extensión aos biocombustibles das normas ata agora soamente dedicadas aos biocarburantes e o establecemento das previsións necesarias respecto do gas natural como produto comprendido na tarifa primeira do imposto pero que non queda sometido a todas as formalidades ordinarias propias da devandita condición. Así mesmo, a unificación na epígrafe 1.6 do tipo impositivo aplicable ao gas licuado de petróleo utilizado como carburante obriga a suprimir o procedemento establecido para a aplicación dos tipos

diferenciados que se establecían na devandita epígrafe e na desaparecida epígrafe 1.7. Non obstante, introdúcese un procedemento similar para a aplicación diferenciada das novas epígrafes 1.9 e 1.10.

Por outra parte, en atención á experiencia adquirida e ás novas realidades no desenvolvemento das actividades industriais e comerciais relacionadas cos bens obxecto dos impostos especiais, modifícanse igualmente outros preceptos do Regulamento dos impostos especiais. Entre estas modificacións cabe destacar: as relativas ás redes de oleodutos e gasodutos como depósitos fiscais e ao control dos produtos que circulan por elas; a fixación de condicións especiais para a autorización de depósitos fiscais cuxa actividade se limita exclusivamente a produtos da tarifa 2.<sup>a</sup> do imposto sobre hidrocarburos; a extensión a todos os biocarburantes e biocombustibles do sistema de aplicación do tipo impositivo que ata agora só estaba establecido para o ETBE; a autorización para, baixo certas condicións, mesturar biocarburantes fóra de réxime suspensivo; o establecemento de porcentaxes regulamentarias de perdas en relación cos biocarburantes; o establecemento dun coeficiente corrector que impide a dobre contabilización da gasolina e biocarburantes que, tras a súa recuperación en forma de vapor, é reintroducida en fábricas e depósitos fiscais; a acreditación polos particulares do pagamento do imposto exclusivamente a través da precinta de circulación cando se trate de produtos que incorporan tal documento; a non existencia de marcas fiscais respecto de bebidas derivadas de moi baixa graduación presentadas en envases de reducida capacidade; a vinculación da periodicidade na realización de recontos de existencias ao período de liquidación que corresponda ao suxeito pasivo e non ao trimestre, como ocorría ata a data, entre outros.

Na tramitación deste real decreto emitiron informes os seguintes órganos, institucións e entidades: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Administracións Públicas; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade e Consumo; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza; Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Defensa; Axencia Estatal de Administración Tributaria; Abengoa S.A.; Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos; Compañía Logística de Hidrocarburos S.A.; Repsol-YPF S.A.; Asociación de Destiladores y Rectificadores de Alcoholes y Aguardientes Vínicos; Federación Española de Bebidas Espirituosas; Asociación General de Fabricantes de Alcohol de Melazas; Confederación Española de Organizaciones Empresariales; Asociación Española de Terminales Receptoras de Graneles Químicos, Líquidos y Gases; Asociación Gallega de Distribuidores de Gasóleo; Confederación de Distribuidores de Gasóleo; Asociación de Produtores de Energías Renovables; Asociación Española del Gas; Confederación de Cooperativas Agrarias de España; Asociación de Distribuidores de Alcohol.

Ademais a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Economía e Facenda emitiu o informe preceptivo previsto no artigo 24.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006,